



Circular 2/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para a realización do plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria no relativo á modalidade 1 desas ensinanzas.

A Orde do 26 de xullo de 2001 (DOG do 17 de agosto), pola que se establece o plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria autorizados para o efecto, determina as liñas xerais para a participación deses institutos nas tres modalidades que nesa norma se contemplan.

Desas modalidades, a primeira, que corresponde ás ensinanzas do ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polos Reais Decretos 967/1988 e 1523/1989, esixe da intervención conxunta das escolas oficiais de idiomas (EOI) e dos institutos de educación secundaria (IES).

Cómpre, polo tanto, establece-las medidas que permitan a actuación coordinada entre cada EOI e os IES que ten adscritos polo devandito plan.

En consecuencia, dispoño:

1. Coordinación entre as escolas oficiais de idiomas e os institutos de educación secundaria

1.1.- O xefe de departamento do idioma correspondente da EOI será o responsable da coordinación cos IES adscritos. Excepcionalmente, cando o número de IES adscritos o requira, poderase designar outro coordinador. Neste caso a dirección da EOI deberá comunicalo á dirección xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

1.2.- Os departamentos das EOI e os correspondentes departamentos dos IES adscritos realizarán reunións de coordinación alomenos unha vez por trimestre. Estas terán como obxecto:

- a) Elabora-la programación didáctica dos cursos do ciclo elemental das ensinanzas especializadas de idiomas nos IES, seguindo os contidos mínimos establecidos polo

Real Decreto 1523/1989, do 1 de decembro (BOE 18 de decembro) así como os aspectos recollidos no artigo 96º do Regulamento Orgánico dos Institutos de Ensino Secundario, establecido polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Os profesores dos IES que impartan estas ensinanzas planificarán a súa actividade docente de acordo co cumprimento das mesmas.

- b) Acorda-las medidas necesarias para realiza-lo seguimento da citada programación así como tamén establece-las modificacións que se estimen oportunas.
- c) Deseña-las estruturas e criterios de avaliación das probas parciais e finais, de acordo co establecido nesta circular.

1.3.- En cada reunión o coordinador levantará acta, da que se remitirá copia, a través do correspondente servicio provincial de inspección educativa, á subdirección xeral de Ordenación Educativa. Cada reunión de coordinación será convocada polo director da EOI, a proposta do correspondente coordinador, celebrándose no lugar que para tal fin se acorde cos directores dos IES adscritos. A citada convocatoria realizarase a través destes últimos.

1.4.- As EOI facilitarán o acceso, se é do caso, ós materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar para o desenvolvemento da programación, e que constarán nela tal como dispón o apartado f do artigo 96 do citado Regulamento Orgánico.

No caso dos materiais que por razón de dereitos de autor sexan susceptibles de seren copiados, a EOI proporcionará unha copia a cada IES. Nos demais casos, a adquisición dos materiais e os custos correspondentes correrán a cargo do centro que os vaia a empregar.

1.5.- O pago das indemnizacións ó profesorado polos desprazamentos debidos á participación nas reunións de coordinación correrá a cargo do centro ó que pertenza cada profesor. En consecuencia, deberase ter en conta o disposto no Decreto 144/2001 do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), sobre indemnizacións por razón do servicio ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

2. Avaliación continua

2.1.- A avaliación do alumnado será continua ó longo de todo o proceso de aprendizaxe, se ben ó remate do período lectivo, no mes de xuño e no mes de setembro, convocaranse probas de avaliación final nos termos que a continuación se establecen.

2.2.- O proceso de avaliación continua do alumnado require a súa asistencia regular ás clases. Os alumnos que teñan un número de faltas de asistencia superior ó 10% do horario total do curso perderán o dereito á avaliación continua. Os IES deberán comunicarlles ós pais ou tutores legais as consecuencias das faltas de asistencia ás clases, o valor das avaliacións continua e finais e canta outra información lles permita apoiar o proceso educativo do alumnado.

2.3.- Correspóndelle ó profesorado que imparte nos IES as ensinanzas do ciclo elemental a elaboración e avaliación das probas parciais, que se axustarán ó acordado nas reunións de coordinación.

3. Probas finais

3.1.- Segundo o establecido no artigo 9.2 da Orde do 26 de xullo de 2001, os alumnos realizarán perante un profesor do IES e un da EOI unha proba final de avaliación das catro destrezas comunicativas. Os alumnos que na convocatoria de xuño, sexan avaliados negativamente, terán dereito a seren avaliados no mes de setembro, mediante a realización dunha proba extraordinaria de características semellantes ás da proba final de xuño.

3.2.- Correspóndelle ós coordinadores de cada EOI a elaboración das probas finais, tanto de xuño coma de setembro, que deberán respectar o marco común establecido nas reunións de avaliación.

3.3.- A proba final constará de dúas partes, unha oral e outra escrita. A cualificación de cada parte será única e adoptada conxuntamente polos profesores sinalados no apartado 1 deste artigo e realizarase segundo os criterios e procedementos previamente establecidos. En caso de discrepancia, a cualificación do exercicio será a media das dúas propostas.

3.4.- Tanto en xuño como en setembro a avaliación final será negativa se non se acada unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha das partes que constitúen a proba final. A puntuación desta será a media das dúas cualificacións.

3.5.- Se fose necesario, poderase contar co apoio do resto do profesorado do departamento do IES ou EOI para a avaliación das probas finais.

3.6.- Cando se cumpra o criterio sinalado no apartado 3.4, a cualificación final de xuño obterase considerando un peso do 60% para a puntuación continua e un do 40% para a puntuación da proba final, ámbalas dúas expresadas numericamente de cero a dez.

No caso do alumnado sen dereito a avaliación continua, a cualificación será a obtida na proba final.

Na avaliación de setembro, dado o seu carácter extraordinario, a cualificación corresponderá unicamente á proba fina. Para superar cada curso do ciclo elemental deberase alcanzar unha puntuación mínima de cinco.

3.7.- As actas de avaliación final formarán parte do expediente do alumno, polo que serán arquivadas e custodiadas pola EOI, debendo constar nelas a sinatura dos profesores responsables das probas finais. Destas actas tamén existirá copia lexitimada nos IES autorizados.

4. Lugar de celebración das probas de avaliación

4.1- As probas parciais realizaranse nos IES, como calquera outra proba das ensinanzas de réxime xeral.

4.2- As probas finais celebraranse na zona de influencia de cada EOI e no lugar que para tal fin deberán acorda-los directores da EOI e IES implicados.

No caso de non existir acordo, esta circunstancia será comunicada á correspondente delegación provincial, que decidirá o lugar de celebración destas probas.

4.3.- O pago das indemnizacións ó profesorado polos desprazamentos debidos á celebración das probas finais correrá a cargo do centro ó que pertenza cada profesor. En consecuencia, deberase ter en conta o disposto no decreto 144/2001 do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

5. Calendario

5.1. - A actividade lectiva desenvolverase seguindo o calendario escolar establecido para as ensinanzas de réxime xeral.

5.2.- As datas de exame das probas finais decidiranse nas reunións de coordinación, tendo en conta a dispoñibilidade do profesorado da EOI e do IES.

6. Memoria final do curso

6.1.- De acordo co recollido no artigo 8 da Orde do 26 de xullo de 2001 (DOG 17 de agosto de 2001), os centros que estean a participar nesta modalidade, tanto nas EOI como nos IES, deberán remitir unha memoria final á través do correspondente servizo provincial de inspección educativa á dirección xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional antes do 30 de xuño.

6.2.- A citada memoria, que levará o visto e prace da dirección do centro, deberá conter alomenos os seguintes epígrafes: resultado da avaliación continua (número de alumnos e alumnas presentados ás probas parciais e finais, porcentaxe de aprobados e cualificacións obtidas, calendario e lugar de realización das probas finais) e actividades de coordinación entre a escola oficial de idiomas e o instituto de educación secundaria adscrito.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2002

A Directora Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

M^a Pilar del Mar Pérez Marsó